

CONVOCATORIA CONCURSO DE TRASLADOS PARA A PROVISIÓN DE 1 PRAZA DE ANALISTA DE INFORMÁTICA (GRUPO 1 DO PERSOAL LABORAL) 4 PRAZAS DE PROGRAMADORES (GRUPO II DO PERSOAL LABORAL), 1 PRAZA DE TÉCNICO EN INFORMÁTICA (GRUPO II), 3 PRAZAS DE OPERADORES DE INFORMÁTICA (GRUPO III FP 2º grado) E 2 PRAZAS DE TÉCNICOS ESPECIALISTAS EN INFORMÁTICA (GRUPO III FP 2º grado)

Existindo a necesidade de proceder á cobertura de 1 praza de analista de informática, 4 prazas de programadores, 1 praza de técnico en informática, 3 prazas de operadores de informática e 2 prazas de técnicos especialistas en informática actualmente vacantes no cadro de persoal laboral desta Universidade, este Reitorado, en uso das atribucións conferidas no artigo 36 do Estatutos desta Universidade, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio, e cumprindo o disposto no I Convenio colectivo da Universidade da Coruña, resolve convocar concurso de méritos para a provisión, mediante traslado, das devanditas prazas de conformidade coas seguintes:

BASES

Primeira.- Requisitos e condicións de participación.

Poderán tomar parte no presente concurso de traslados os traballadores fixos da Universidade da Coruña, que cumpran os requisitos esixidos no artigo 15.2.a. do convenio colectivo do persoal laboral desta universidade e aqueles outros previstos no anexo II desta convocatoria.

En tódolos casos os requisitos para poder participar neste concurso deberán terse cumpridos polos aspirantes na data en que finaliza o prazo para presentación de solicitudes.

Segunda.- Postos.

Os postos de traballo obxecto da presente convocatoria son os números 203, 204, 205, 215, 217, 218, 221, 231, 234, 476 e 503 da vixente RPT do persoal laboral, e mailos que como consecuencia da súa cobertura poidan quedar vacantes.

Terceira.- Solicitudes

As solicitudes, que deberán axustarse ó modelo que figura como anexo I, dirixiranse ó Excmo. Sr. Reitor da Universidade da Coruña no prazo de vinte días, contados desde o seguinte ó da publicación desta resolución, e presentaranse, xunto coa certificación que se acompaña como anexo III, referida á data desta resolución, no Rexistro Xeral da Universidade ou por calquera dos medios a que se refire o artigo 38.4 la Lei 30/1992, de 26 de novembro (BOE, do 27 de novembro), de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, de 26 de novembro (BOE do 14 de xaneiro).

Unha vez transcorrido o prazo de presentación de solicitudes éstas serán vinculantes para o petionario e os destinos adxudicados serán irrenunciabes.

Cuarta.- Valoración dos méritos.

As solicitudes dos aspirantes para a adxudicación das prazas en función das características de cada posto que se describen no anexo II, serán valoradas da seguinte forma:

PRIMEIRA FASE:

- Adecuación ó posto.- Ata un máximo de 8 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 4 puntos para superar e ser valorado na segunda fase ou se é o caso, proceder á adxudicación da praza.

Valoraranse os méritos que a continuación se indican:

1) Cursos de formación e perfeccionamento.- (Máximo 3 puntos)

Por curso impartido por organismo público ou empresa de recoñecido prestixio relacionado cos coñecementos requeridos para o posto, a valoración será a seguinte:

Cursos que acrediten o aproveitamento: de duración igual ou inferior a dez horas ou nos que non conste a duración: 0.2 puntos; de duración superior a dez horas e ata 40 horas: 0.4 puntos; de duración superior a 40 horas e ata 150 horas: 0.8 puntos; de duración superior a 150 horas: 1.5 puntos.

Cursos que acrediten únicamente a asistencia: de duración igual ou inferior a dez horas ou nos que non conste a duración: 0.1 puntos; de duración superior a dez horas e ata 40 horas: 0.2 puntos; de duración superior a 40 horas e ata 150 horas: 0.4 puntos; de duración superior a 150 horas: 1 punto.

2) Coñecemento de lingua galega.- (Máximo 1 punto)

Curso de iniciación.- 0.25 puntos.

Curso de perfeccionamento.- 0.5 puntos.

Curso de linguaxe administrativa medio.- 0.75 puntos.

Curso de linguaxe administrativa superior.- 1 punto.

3) Valoración do traballo desenvolvido.- (Máximo 4 puntos)

Valorarase a experiencia no desempeño das funcións das mesmas características e no emprego dos coñecementos específicos daquel ó que se pretende acceder. A valoración será establecida pola comisión entre un mínimo de 0.1 puntos e un máximo de 0.25 puntos por cada mes ou fracción.

SEGUNDA FASE

- Antigüidade.- Valorarase a antigüidade na categoría como persoal laboral fixo, a razón de 0.2 puntos por cada mes ou fracción ata un máximo de 12 puntos.

PUNTUACIÓN FINAL

A puntuación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas dúas fases.

En caso de empate adxudicarase a praza ó concursante con maior antigüidade na categoría. De persisti-lo empate dirimirase en favor do traballador de máis idade.

Quinta.- Comisión de avaliación.

Os méritos serán valorados por una comisión que estará integrada polos membros que a seguir se indican:

Presidente: D. Antonio Ventura Novas

Vocais: D. Jesús Manuel Salceda Sánchez

D. Enrique José Pena Pérez

Dna. Eva Domínguez Costa, representante do Comité de Empresa

D. Alberto Núñez Cardezo, representante do Comité de Empresa

Secretario, con voz e sen voto: D. Luis Vázquez López

Sexta.- Resolución do concurso e toma de posesión

A orde de prioridade para a adxudicación das prazas virá dada pola puntuación obtida con arreglo ó disposto na base cuarta.

Finalizado o proceso de valoración das solicitudes, a Comisión de Avaliación publicará nos taboleiros de anuncios do Rectorado e do Vicerreitorado do Campus de Ferrol a proposta de adxudicación de prazas, fronte á que os interesados poderán formular reclamación no prazo dos quince días naturais seguintes ó da publicación da mesma.

Transcorrido o devandito prazo sen que se presentase reclamación algunha, ou resoltas as presentadas, a Comisión de Avaliación elevará a proposta definitiva de adxudicación das prazas ó Reitor, quen dictará a resolución que proceda.

Sétima.- Impugnacións.

A presente Resolución farase pública nos taboleiros de anuncios do Reitorado, do Vicerreitorado do Campus de Ferrol e nos centros de traballo da Universidade da Coruña, así como na páxina web da Xerencia. As bases desta convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela, así como da actuación da Comisión de Avaliación, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma prevista na Lei 30/1992, de 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, de 26 de novembro (BOE do 14 de xaneiro).

A Coruña, 21 de outubro de 2004
O REITOR

Asdo: José María Barja Pérez

ANEXO I

Apelidos: Categoría profesional	DATOS PERSOAIS Nome:	DNI núm. N° Posto RPT
Destino		

SOLICITA participar no concurso de méritos convocado por Resolución do 21 de outubro de 2004 para a provisión de 1 praza de analista de informática, 4 prazas de programadores, 1 de técnico en informática, 3 de operadores de informática e 2 de técnicos especialistas en informática así como as que resulten vacantes no seu proceso de cobertura, indicando a continuación os postos solicitados por orde de prioridade:

Prioridade	N° de posto	Denominación	Centro/Servicio

-
-
-
-

A tal efecto, de acordo coas bases da convocatoria, acompaña a seguinte documentación:

A Coruña, _____ de _____ de 2004
(sinatura)

EXCMO. E MGFCO. SR. RECTOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO II

Nº RPT	Posto	Grupo	Formación específica
203	Programador	2	Experiencia nas linguaxes fortran e C no manexo de paquetes e librerías estatísticas (como o paquete STATGRAPHICS ou librería IMSL) e aplicación de cálculo simbólico (REDUCE, MATHEMATICA o MAPLE). Texto pendente de informe do Consello Social para a súa eliminación na RPT.
204	Operador de informática	3	
205	Operador de informática	3	
215	Programador	2	
217	Programador	2	
218	Programador	2	
221	Operador de informática	3	
234	Técnico en informática	2	
476	Técnico especialista en informática	3	
503	Técnico especialista en informática	3	
213	Analista de informática	1	

ANEXO III

D. _____, XEFE DA SECCIÓN DE XESTIÓN DE PERSOAL,

CERTIFICO: que segundo os datos obrantes nesta Sección o traballador D. _____, con DNI núm. _____, ten unha antigüidade como contratado laboral fixo na categoría de _____ de _____ anos, _____ meses e _____ días, computada a _____ de _____ de 200 ____.

Para que conste, a efectos da súa participación no concurso de méritos para a provisión de 1 praza de analista de informática, 4 prazas de programadores, 1 de técnico en informática, 3 de operadores de informática e 2 de técnicos especialistas en informática convocado por Resolución do 21 de outubro de 2004, expido a presente certificación na Coruña, a _____ de _____ de 2004